



**DONA MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO, SECRETARIA INTERV.
DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA).**

CERTIFICADO

Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o TRECE NOVIEMBRE do dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo.:

B)ADXUDICACIÓN OBRA **SANEAMENTO EN REBOREDO ENTRE AS VIVENDAS DE LAXE Nº 1 E REBOREDO Nº 34, ESTRADA PO223**.

Visto que mediante Providencia de Alcaldía de data 26-09-2017, foi acreditada a necesidade deste Concello de contratar a obra de SANEAMENTO EN REBOREDO ENTRE AS VIVENDAS DE LAXE Nº 1 E REBOREDO Nº 34, ESTRADA PO223. cuxo prezo ascendería á cantidade de 44.849,30 euros, e 9.418,35 euros de IVE. Total 54.267,65 €.

Visto que con data 19-10-2017, foi emitido informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e foi emitido informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Consta no expediente resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, da concesión de subvención polo importe do 100% do presuposto dentro do programa Plan Concellos 2017.

Visto que en sesión de Xunta de Goberno de data cinco de xuño do dous mil dezasete se aprobou o expediente de contratación, autorización do gasto, aprobación dos pregos de condicións, prazo de execución, e se nomeou o Director das obras.

Visto que mediante Resolución da Alcaldía de data 26-09-2017, se acordou invitadas a participar catro empresas, a saber.:

--Construcións Vale s.l.

--CALDEVERGAZO S.L.

--ORESA S.L.

Visto que se presentaron 3 ofertas (correspondentes ás tres empresas invitadas), segundo certificación de secretaría de data 28-06-2017, a saber.:

--Construcións Vale s.l. (oferta económica 54.267,65 €. e melloras a valorar polo Director da obra.

--ORESA S.L. (oferta económica 54.267,65€ e melloras a valorar pola Director da obra.

--Caldevergazo s.l. (oferta económica 54.267,65€, sen melloras.

Visto o informe elaborado por Don Luis Vilar Montoro, Enxeñeiro Civil, de data 9-11-2017, sobre valoración das ofertas presentadas.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei



de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,

a XUNTA DE GOBERNO, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar as obras relativas a SANEAMENTO EN REBOREDO ENTRE AS VIVENDAS DE LAXE Nº 1 E REBOREDO Nº 34, ESTRADA PO223. mediante o procedemento do contrato menor, ao contratista ORESA S.L. por un importe de 44.849,30 € e 9.418,35 euros de IVE.(que é a oferta presentada pola empresa adxudicataria). Total 54.267,65 €; e melloras valoradas en 773,86 € (execución material e 1.114,28 € total con impostos).

2º.-O Contratista deberá presentar toda a documentación que consta no prego de condicións (xa que a documentación administrativa foi presentada mediante unha declaración xurada).-

3º.-Antes da sinatura do contrato deberá a Empresa depositar aval polo importe do 5% da adxudicación do contrato.

4º.-A Empresa adxudicataria farase cargo da taxa polos servizos facultativos que se presten na obra, segundo ordenanza aprobada por este Concello. (Publicada no BOP nº 30 de data 13-02-2015).

5º.-Deberá en todo momento cumprir co estipulado nos pregos de condicións administrativas da obra, que formarán parte do contrato.

6º.-Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación 450.61902 do vixente Orzamento.

7º.- Prazo de execución de DOUS MESES.

8º.-Unha vez realizada a obra, incorpórese a certificación-factura e tramítese o pago se procede.

9º.- Notificar a resolución aos adxudicatarios no prazo de dez días a partir da data da sinatura da Resolución.

Recurso.: Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o *Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA* no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinará o duplicado para constancia.

Campo Lameiro a 13-11-2017.

Vº e Prace
O ALCALDE

Asdo. Julio Sayáns Bugallo



A SECRETARIA.